



CONCELLO DE REDONDELA



MEDIO AMBIENTE

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2026

Con motivo da celebración das **Fogueiras San Xoán 2026** na **noite do 23 ao 24 de xuño de 2026**, na que se levarán a cabo queimas tanto en terreos particulares como en terreos de uso público, o Concello de Redondela comunica que:

- Na páxina web do concello, no enlace <https://redondela.gal>, están a disposición dos veciños e veciñas, así como das entidades de participación cidadá os seguintes impresos: **DECLARACIÓN RESPONSABLE** (terreos particulares) e a **SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN** (terreos de uso público, só para entidades de participación cidadá).
- O **prazo de presentación** das solicitudes de declaración responsable, en terreos particulares e de autorización (terreos de uso público só para entidades de participación cidadá) será **desde o 15 de maio ao 15 de xuño** (ámbolos dous incluídos), no rexistro xeral do concello, en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- **Non se autorizarán** a realización de **fogueiras de San Xoán** nos **areais das praias deste concello**, así como **paseos ou zona de tránsito /vía pública próximas aos mesmos**, nin preto de **zonas fluvias** nin ningún tipo de **espazo natural** no que se poña en risco o medio ambiente.

Documento asinado electronicamente á marxe.

